

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O DÍA 10 DE XUÑO DE 2010,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Proxecto de lei de modificación da Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010.

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se modifica o Decreto 33/2007, do 1 de marzo, polo que se crea a Unidade de Muller e Ciencia de Galicia.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade dun treito da estrada autonómica AC-460 (Deixebre (N-550)-estación de Trasmonte) e dun treito da estrada autonómica AC-461 (Sigüeiro (N-550)-estación de Oroso), a prol do Concello de Oroso.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se nomea reitor magnífico da Universidade de Vigo o profesor doutor Salustiano Mato de la Iglesia.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Decreto polo que se nomea a Ramón Villares Paz presidente do Consello da Cultura Galega.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se aproba o Primeiro Plan de Sistemas e Tecnoloxías da Información da Administración de Xustiza en Galicia: Plan Senda 2014.
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, por medio da Consellería de Presidencia, Administracións Pública e Xustiza, e a *Asociación 1º de Maio*, para a execución do proxecto: "Mellora das infraestruturas e condicións de habitabilidade, saneamento, organizativas e hixiénico sanitarias do servizo de pediatría no Hospital Hernandez Vera, en Santa Cruz de la Sierra (Bolivia)", por importe de cento quince mil catrocentos vinte e sete euros (115.427,00 €).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Muíños, para a execución da seguinte actuación: "Acondicionamento de espazos públicos no núcleo rural do Rañadoiro do seu termo municipal", por importe de cento sesenta e oito mil setecentos noventa e nove euros con vinte e catro céntimos (168.799,24 €).
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Coles, para a execución da obra: "Saneamento na Barra – As Lamas, Bamio e Cimadevila – Bamio de Fondo – Sila. Concello de Coles (Ourense)", Clave OH.332.660, por importe de douscentos corenta e dous mil euros (242.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Cambados, para a ampliación do vial camiño do Castro e mellora da intersección coa PO-550, por un importe de cento sesenta e cinco mil catrocentos cincuenta e nove euros (165.459,00 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia e as empresas *Repsol Butano, S.A.* e *Gas y Medio Ambiente Energéticas, S.A.*, para o desenvolvemento de redes de distribución de gases licuados do petróleo (GLP) en núcleos de poboación-2010.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Economía e Industria para establecer anticipos de ata o 80%, sen necesidade de constitución de garantías a favor da Xunta de Galicia, do importe das subvencións correspondentes á Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para a mobilización, dinamización e sistematización da innovación, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010 (IN828A).

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, para a preparación das propostas de novos plans de estudos no marco da nova ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se aproba a actualización do Plan de Prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (PLADIGA).

INFORMES

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe sobre o anteproxecto de lei galega de medidas tributarias no imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados para a reactivación do mercado da vivenda.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O ANTEPROXECTO PARA CUMPRIR O REAL DECRETO LEI DO GOBERNO CENTRAL QUE OBRIGA A REBAIXAR OS SALARIOS DOS FUNCIONARIOS

- *Diminúe un 4% o específico obrigado polo Estado para acadar un aforro do 5% da masa salarial*
- *O Goberno galego buscou o menor impacto posible ao persoal ao servizo da Administración autonómica*
- *Os gabinetes da Xunta verán reducidos os seus salarios na mesma proporción cos funcionarios*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o anteproxecto para modificar a Lei de Orzamentos en vigor e cumprir así o Real Decreto Lei 8/2010 do Goberno central que obriga a rebaixar un 5% a masa salarial dos empregados públicos.

O Executivo autonómico tamén acordou diminuír as retribucións anuais do seu presidente un 15% en relacións ás que tiña en 2009, un 10% as dos conselleiros e un 8% as dos directores xerais; e facelo en igual porcentaxe aos salarios que perciben os directivos e persoal das entidades da administración instrumental.

O Real Decreto Lei fixa unha baixada progresiva de retribucións básicas para os funcionarios. O Goberno galego, tras analizar os criterios para diminuír un 5% a masa salarial dos funcionarios autonómicos, tal e como obriga o Goberno central, buscou o menor impacto posible a este persoal. Así, acordou aplicar as contías sinaladas polo Estado para o salario base, trienios, pagas extraordinarias e complemento de destino e rebaixar un 4% o específico e resto de retribucións.

Para o persoal laboral a baixada será do 5% lineal, que poderá modularse de forma progresiva a través da negociación colectiva. Ás empresas públicas, a Xunta retirarálles do seu orzamento a cantidade correspondente ao 5% das retribucións globais de persoal e os seus consellos de administración abrirán un proceso de negociación para detraer esa cantidade.

Mesmo axuste nos gabinetes

O Goberno galego tamén fará extensible este axuste salarial ao persoal dos gabinetes dos seus departamentos e os seus membros verán reducidos os seus salarios na mesma proporción que os empregados públicos, de maneira progresiva segundo as súas retribucións.

O Consello da Xunta debateu a semana pasada os criterios para a aplicación desta normativa para cumprir o axuste obrigatorio do 5% do conxunto global de retribucións dos empregados público e convocou o pasado luns a Mesa de Función Pública para explicarllos aos representantes dos traballadores.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Logo da aprobación deste anteproxecto polo Consello da Xunta, o texto remitirase ao Parlamento para que sexa debatido polo procedemento de lectura única, co fin de que poida ser aprobado este mes para de que o axuste salarial establecido polo Goberno central se aplique xa nas nóminas de xuño.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**O CONSELLO APROBA A INCORPORACIÓN DA SECRETARIA XERAL DE MODERNIZACIÓN E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA A UNIDADE MULLER E CIENCIA DE GALICIA**

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe a modificación do decreto 33/2007, polo que se creou a Unidade Muller e Ciencia de Galicia, para incorporar na súa composición á Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica.

A Unidade Muller e Ciencia creouse coa finalidade de incrementar a presenza das mulleres nos ámbitos científico e tecnolóxico de Galicia, promover a eliminación dos desequilibrios que poidan existir no relativo á formación científica, no eido da investigación e innovación e na xestión da I+D+i, así como situar nos estudos e actividades científicas a perspectiva de xénero nun primeiro plano.

Esta Unidade configúrase como unha área de traballo interdepartamental estable, dinamizadora e transformadora da ciencia e tecnoloxía galegas. Na composición deste órgano colexiado prevíase a participación de tres departamentos, o competente en materia de igualdade, ao que está adscrito, o competente en materia de educación e aquel que ostenta competencias en materia de innovación e industria.

Tendo en conta que a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica é o órgano superior da Administración autonómica en materia de tecnoloxías da información, comunicacións, e a súa aplicación para a modernización, innovación e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia, xustifícase a súa incorporación aos órganos directivos da Unidade Muller e Ciencia.

Ademais, sabendo do papel relevante que xogan as tecnoloxías da información e comunicación na sociedade actual, e o oportuno da introdución da perspectiva de xénero neste ámbito para os fins que persegue a Unidade Muller e Ciencia de Galicia, resulta necesario a súa incorporación, polo que para iso foi preciso efectuar unha modificación do Decreto 33/2007, do 1 de marzo, polo que se crea a dita unidade, co obxecto de garantir a participación da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica neste órgano.

O decreto aprobado hoxe polo Consello da Xunta incorpora unha vicepresidencia terceira, que corresponderá ao departamento competente en materia de modernización e innovación tecnolóxica. Do mesmo xeito, inclúense dúas persoas funcionarias do departamento competente en materia de modernización e innovación tecnolóxica como vogais e unha persoa experta no ámbito científico e tecnolóxico proposta polo citado departamento.

Estas modificacións supoñen un cambio na composición do pleno e unha adecuación da composición das comisións existentes á nova estrutura do órgano. Sen embargo, esta modificación do decreto de creación da Unidade Muller e Ciencia non supón ningún

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

incremento de gasto para os orzamentos xerais da Xunta de Galicia, xa que os membros da Unidade non perciben ningunha remuneración en concepto de asistencia.

Desta forma a Unidade Muller e Ciencia estará constituída por unha presidencia, a cargo da Secretaría Xeral da Igualdade; unha vicepresidencia primeira, exercida pola consellería competente en materia de educación e ordenación universitaria; a vicepresidencia segunda, ocupada pola consellería competente en materia de innovación e industria; a vicepresidencia terceira, responsabilidade do departamento competente en materia de modernización e innovación tecnolóxica. Todas estas consellerías e secretarías xerais poderán estar representadas a través dun/dunha representante con rango mínimo de director/a xeral.

A XUNTA DE GALICIA APROBA O CAMBIO DE TITULARIDADE DE PRETO DE CINCO QUILÓMETROS DE VIAIS A PROL DO CONCELLO CORUÑÉS DE OROSO

- *A estrada Sigüeiro- Oroso (AC- 461) de 2,3 quilómetros de lonxitude e un treito da estrada Deixebre- estación de Trasmonte (AC- 460), pasarán a ser de competencia municipal*
- *A Lei de estradas de Galicia establece que as súas vías autonómicas ou treitos determinados, nos que a circulación adquira características urbanas, poderán ser entregadas aos respectivos concellos*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a aprobación por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas do cambio de titularidade de preto de cinco quilómetros de vial autonómico a prol do concello coruñés de Oroso. Concretamente, o traspaso de competencias efectuarase na estrada Sigüeiro- Oroso (AC- 461) que ten 2,3 quilómetros de lonxitude, e o treito da estrada Deixebre- estación de Trasmonte (AC- 460) situado entre os puntos quilométricos 0 + 000 e o 2 + 420 que conecta con Oroso.

A razón pola cal se procede a transferencia da titularidade é que a circulación tanto do referido tramo da AC- 460 como a totalidade da estrada AC- 461, adquiriu características propiamente urbanas.

O cambio de titularidade da totalidade da estrada AC- 461 en favor do municipio de Oroso, cunha lonxitude de 2,3 quilómetros, é o resultado dunha serie de informes favorables emitidos polo Servizo de Conservación e Explotación de Estradas.

Pola súa parte, o Concello de Oroso comprométese a levar a cabo tódalas actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación dos viais, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria ou calquera outra que puidese corresponderlle como nova Administración titular das mesmas.

Cómpre precisar que a entrega da vía formalizárase, no prazo de dous meses seguintes á publicación do decreto no Diario Oficial de Galicia (DOG), mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

Cesión regulada por lei

Segundo se recolle no artigo 5 da Lei 4/1994, de estradas de Galicia, os cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma deberán ser aprobados por decreto da Xunta de Galicia, por proposta da consellería con competencias na materia e logo do acordo entre as administracións afectadas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Por outro lado, o artigo 54 deste texto legal establece que as estradas autonómicas ou os seus treitos determinados, nos que a circulación adquire características urbanas, entregaráselles aos respectivos concellos. Tamén se Administración titular e será resolto polo Consello da Xunta.

A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN NOMEA A SALUSTIANO MATO NOVO REITOR DA UNIVERSIDADE DE VIGO

- *O profesor doutor foi escollido pola comunidade universitaria nas eleccións do pasado 20 de maio*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o nomeamento do profesor doutor Salustiano Mato de la Iglesia como reitor magnífico da Universidade de Vigo. Este nomeamento prodúcese despois de que Mato fose elixido nas eleccións ao Reitorado da UVigo o pasado 20 de maio, e proclamado como reitor pola Comisión Electoral o día 26 do mesmo mes.

Salustiano Mato de la Iglesia é doutor en Bioloxía pola Universidade de Santiago, e catedrático de Zooloxía do Departamento de Ecoloxía e Bioloxía Animal da Universidade de Vigo, desde o ano 2000. O novo reitor da UVigo foi tamén nesta institución Vicerreitor de Investigación entre maio de 1998 ata agosto de 2005. Ademais, Mato desempeñou o cargo de director xeral de I+D+i na Xunta de Galicia entre 2005 e 2009.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO POLO QUE SE NOMEA A RAMÓN VILLARES PRESIDENTE DO CONSELLO DA CULTURA GALEGA

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o proxecto de decreto polo que se nomea a Ramón Villares Paz presidente do Consello da Cultura Galega. O nomeamento realízase logo da elección efectuada polo Consello da Cultura Galega no pleno extraordinario do día 20 de abril de 2010, e despois da comparecencia de Ramón Villares ante o Parlamento de Galicia. O decreto aprobado hoxe formaliza a renovación de Ramón Villares no seu cargo como máximo responsable da institución, representación que ostenta dende o ano 2006. O decreto producirá efectos desde a súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Ramón Villares Paz naceu en 1951 en Cazás-Xermade (Lugo). É catedrático de Historia Contemporánea da Universidade de Santiago de Compostela desde 1987 e Presidente do Consello da Cultura Galega desde 2006. Antes que Ramón Villares, presidiron o Consello da Cultura Galega Ramón Piñeiro (1983-1990), Xosé Fernando Filgueira Valverde (1990-1996), Carlos Casares (1996-2002) e Alfonso Zulueta de Haz (2002-2006).

Foi decano da Facultade de Xeografía e Historia no período 1986-1990, reitor da Universidade de Santiago de Compostela entre 1990 e 1994, e membro fundador e presidente da Asociación Española de Historia Contemporánea (1996-2002). Foi director en Galicia da Universidade Internacional Menéndez Pelayo (1997-2005) e, desde 2006, é membro numerario da Real Academia Galega. Tamén pertence a varios padroados de centros e fundacións (Museo do Pobo Galego, Fundación Juana de Vega, Fundación Luis Seoane ou Centro Galego de Arte Contemporánea, entre outros)

É autor de numerosas publicacións, entre as que destacan libros como *La propiedad de la tierra en Galicia, 1500-1936*, Siglo XXI Editores, Madrid, 1982; *Foros, frades e fidalgos*, Estudos de historia social de Galicia, Edicións Xerais, Vigo, 1982; *Galicia. A Historia*, Editorial Galaxia, Vigo, 1984 (con versión en lingua española e portuguesa); *Figuras da nación*, Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 1997; *El mundo contemporáneo, siglos XIX y XX*, Editorial Taurus, Madrid, 2001 (en colaboración con Angel Baamonde); e *Fuga e retorno de Adrián Solovio. Sobre a educación sentimental dun intelectual galeguista*, Fundación Otero Pedrayo/Real Academia Galega, 2007.

Desde 2007 codirixe, con Josep Fontana, unha *Historia de España (Crítica/Marcial Pons)* na que é autor (con Javier Moreno Luzón), do volume 7, *Restauración y Dictadura*, 2009. Desde 1988 ten dirixido ou coordinado varios proxectos de investigación logrados en convocatorias competitivas, sobre temas de historia agraria, historia cultural e historia política. Tamén é avaliador de proxectos para diversas axencias de investigación científica en España e Portugal.

A XUNTA PON EN MARCHA O PRIMEIRO PLAN PARA A IMPLANTACIÓN EFECTIVA DAS NOVAS TECNOLOXÍAS NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

- *Busca dar solución as actuais dificultades coas que se atopan os profesionais da Administración de Xustiza no uso das TIC*
- *As medidas recollidas no Plan Senda 2014 permitirán materializar o expediente xudicial electrónico e implantar as videoconferencias en todos os xulgados galegos*
- *Mellorarase as infraestruturas, os equipamentos, os sistemas de información, e a formación do colectivo xudicial*
- *Habilitaranse novas canles de comunicación co cidadán que poderá recibir avisos vía sms e terá un portal con máis servizos de información*
- *O plan conta cunha dotación orzamentaria de 34 millóns de euros ata o 2014 e establece, por primeira vez, a folla de ruta para integrar as TIC no ámbito xudicial*

O primeiro Plan de Sistemas TIC da Administración de Xustiza en Galicia: Senda 2014, presentado hoxe no Consello da Xunta, busca dar solución as actuais dificultades coas que se atopan os profesionais do eido xudicial no uso das novas tecnoloxías e, ao mesmo tempo, dar resposta ás necesidades que establece a Nova Oficina Xudicial. Cun orzamento de 34 millóns de euros en catro anos, o Plan Senda 2014 establece, por primeira vez, un conxunto de as medidas para implantar de xeito efectivo as novas tecnoloxías na Xustiza.

Obxectivos

O Plan, elaborado pola Xunta en colaboración con máis de 80 profesionais dos distintos ámbitos xudiciais, fixa seis liñas de actuación para avanzar na consolidación das TIC como elemento cotiá na actividade xudicial. A finalidade do plan é acadar unha Administración de Xustiza máis eficaz completando o proceso de informatización ata chegar ao expediente xudicial electrónico; conseguir que sexa máis transparente e próxima á cidadanía; garantir que os servizos TIC prestados sexan de maior calidade, ofrecendo solucións tanto para o cidadán como para o colectivo xudicial adaptadas ás características e á realidade de Galicia; mellorar a interoperabilidade entre sistemas de información dos distintos organismos, establecendo de un marco de colaboración co Ministerio de Justicia que permita a evolución e adaptación do sistema de xestión procesual ás necesidades da Comunidade.

Liñas de actuación

Para chegar a esta situación final o primeiro paso é a adecuación, renovación e mantemento das infraestruturas e dotar á Xustiza dos medios e equipamentos necesarios. Trátase de establecer un nodo galego das tecnoloxías no ámbito xudicial para posibilitar a interconexión e o intercambio de información entre organismos e comunidades. A creación dunha base tecnolóxica robusta e fiable permitirá que o expediente xudicial electrónico sexa unha realidade e o cidadán poida percibir una Xustiza transparente.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Ademais, prevé dotar e adecuar ás plantas xudiciais dos equipamentos e medios precisos, reducir a fenda dixital existente no ámbito xudicial e adaptar as infraestruturas aos novos requirimentos derivados da reforma procesual. Así, contéplase a renovación dos equipos de gravación e videoconferencia, que permitirán aforrar tempo e custos evitando desprazamentos; a mellora do equipamento da planta xudicial, e adecuación do escritorio de traballo ao acceso remoto.

A revisión integral dos sistemas de información permitirá avanzar na dixitalización dos datos e da información e evolucionar cara o expediente xudicial electrónico. A materialización deste expediente garantirá a calidade da información rexistrada e a súa accesibilidade desde calquera punto xeográfico e para todos os operadores que o precisen; evitará a redundancia no rexistro durante a itinerancia dos asuntos xudiciais e incorporará capacidades multiidioma que garantan a cooficialidade lingüística. Ademais, dotarase das ferramentas dixitais adecuadas aos traballadores para que poidan desempeñar o seu traballo con máis axilidade. Esta liña de actuación incrementará a accesibilidade do cidadán á Xustiza implantando novas canles de comunicación como o envío de sms para recordar sinalamentos, vistas ou cambios de data e a creación do Portal da Xustiza en Galicia.

No ámbito da seguridade adecuaranse os sistemas e infraestruturas para cumprir a normativa vixente en materia de protección de datos (LOPD) e aplicarase o marco definido no Esquema Judicial de Interoperabilidade e Seguridade (EJIS) ao que se adheriu a Xunta o pasado ano.

En canto aos servizos TIC, disporanse duns servizos de atención ao colectivo xudicial que funcionen de modo proactivo, acorde ás necesidades e a realidade da Xustiza. Axilizarase a interlocución para mellorar a comunicación e as actuacións ante incidencias e cambios tecnolóxicos no eido xudicial. Tamén se establecerá un sistema de xestión da calidade do procesos TIC baseado nun modelo de mellora continua.

A última liña de actuación, especialmente relevante, é a referida á formación con medidas para a mellora e a actualización dos coñecementos dos profesionais da Xustiza que se complementarán con acción de concienciación do uso xeneralizado e correcto dos sistemas de información. Ofrecerase formación continua e específica a todos os traballadores da Administración de Xustiza. Identificarase a figura do monitor informático como usuario avanzado dentro do propio colectivo profesional e establecerase un Plan de Acollida, con accións formativas dirixidas aos profesionais de recente incorporación.

Contexto actual

Nos último anos desenvolvéronse diferentes sistemas e iniciativas para a integración das TIC na actividade diaria da Xustiza pero aínda se está lonxe de alcanzar un nivel óptimo de adecuación e utilización neste ámbito de prestación de servizos. Os elementos que,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

neste momento, conflúen na necesidade de investir no desenvolvemento tecnolóxico no ámbito xudicial son: a entrada en vigor da Reforma Procesual, que introduce a Nova Oficina Xudicial; o desenvolvemento do Esquema Judicial de Interoperabilidade y Seguridad, ao que se adheriu a Xunta; o Plan Estratéxico de Modernización da Justicia, promovido polo Ministerio e o programa de eGoberno da Xunta, que identifica a transformación da Xustiza como unha liña estratéxica.

As accións do plan xorden das necesidades de avanzar na modernización da Xustiza, superar a ausencia de automatización nos procesos xudiciais, practicamente a totalidade dos expedientes xudiciais se tramitan en soporte papel; incrementar a dotación de recursos tecnolóxicos no ámbito xudicial, que non foi parella ao crecemento do volume de litixios e superar a fenda dixital do colectivo xudicial e baixa incorporación das tecnoloxías da Información aos procesos xudiciais.

A XUNTA COLABORA NO FORTALECIMENTO DE SERVICIOS SANITARIOS PARA A POBOACIÓN INFANTIL MÁIS DESFAVORECIDA DE BOLIVIA

- *O obxecto deste convenio é contribuír a fornecer a asistencia sanitaria pediátrica dentro da poboación de Santa Cruz de la Sierra (Bolivia)*
- *Con este proxecto a Xunta contribúe ao cumprimento dun dos Obxectivos do Milenio (ODM), concretamente en relación ao obxectivo 4: reducir a mortalidade dos nenos menores de 5 anos*

O Consello da Xunta autorizou hoxe na súa xuntanza semanal un convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, por medio da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e a Asociación 1º de Maio, para a execución do proxecto de mellora das infraestruturas e condicións de habitabilidade, saneamento, organizativas e hixiénico sanitarias do servizo de pediatría no hospital Hernández Vera en Santa Cruz de la Sierra (Bolivia), por importe de 115.427 euros.

O obxecto deste convenio ven constituído pola necesidade de contribuír ao fortalecemento da asistencia sanitaria pediátrica dentro da poboación do departamento de Santa Cruz da Sierra en Bolivia. Así mesmo, con este proxecto contribuírase ao cumprimento dos Obxectivos do Milenio (ODM), concretamente en relación ao obxectivo 4: reducir a mortalidade dos nenos menores de 5 anos. Bolivia é un dos países prioritarios incluídos no II Plan Director 2010-2013 da Cooperación Galega, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o día 15 de abril de 2010.

A asociación 1º de Maio é unha entidade carente de ánimo de lucro, que ao longo da súa traxectoria vén contribuíndo ao funcionamento do Hospital Hernández Vera, sendo esta unha das actividades previstas prestar axuda humanitaria en Bolivia. Este hospital, que naceu en 1985, é clave na atención médica aos habitantes nesta parte da cidade ata que o sistema boliviano de saúde estea en condicións de facerse cargo dos pacientes.

A política da Xunta de Galicia en materia de cooperación ao desenvolvemento enmarcase no establecido na Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento. O artigo 2 da citada Lei enuncia entre os obxectivos da cooperación para o desenvolvemento:

- a) Apoiar aos países con menor grao de desenvolvemento e aqueles outros que conteñan amplas capas da súa sociedade en extrema situación de necesidade e desestruturación para que acaden un desenvolvemento autosostido, respectuoso co medio e a biodiversidade e mobilizador de recursos endóxenos, dentro dun marco democrático, de participación das comunidades afectadas
- b) Potenciar os recursos humanos e materiais deses pobos prestando unha especial atención ás novas tecnoloxías, para así reforzar a súa estrutura produtiva e favorecer o seu desenvolvemento non dependente.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

- c) Impulsar e promover a participación social e cidadá nas accións de cooperación para o desenvolvemento, así como fomentar a educación para o desenvolvemento e a sensibilización da sociedade galega nas realidades dos pobos máis desfavorecidos, potenciando unha ética asentada en valores humanistas, de convivencia pacífica, tolerancia e igualdade entre tódalas persoas.

Por outra parte, a devandita lei, no seu artigo 8 apartado 1 establece, entre outros, como ámbitos de actuación preferentes en materia de cooperación galega para o desenvolvemento: os servizos sociais básicos, con especial atención á vivenda, á saúde, ao saneamento, á seguridade alimentaria e á educación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**OS VECIÑOS DO RAÑADOIRO, EN MUIÑOS, PODERÁN DESFRUTAR DE NOVAS ÁREAS DE OCIO, GRAZAS Á APROBACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO OURENSÁN**

- *O Consello da Xunta aprobou unha inversión de case 170.000 euros nesta actuación*
- *Con esta colaboración, preténdese poñer en valor e mellorar os espazos públicos desta área, co fin de preservar a súas características arquitectónicas e urbanísticas en boas condicións*
- *Estas actuacións forman parte do Plan HURBE, que destinará preto de 100 millóns de euros para realizar 53 actuacións en algo máis de 40 concellos galegos*
- *Os obxectivos deste plan son fomentar a recuperación dos espazos de encontro para mellorar a opción de lecer dos cidadáns e contribuír ao reequilibrio territorial fixando poboación no medio rural*

O Consello da Xunta, na súa reunión de hoxe, aprobou unha inversión de case 170.000 euros no concello ourensán de Muíños, co fin de levar a cabo unhas obras de acondicionamento de espazos públicos no núcleo rural do Rañadoiro neste termo municipal. Con esta colaboración entre administracións, preténdese poñer en valor e mellorar os espazos públicos desta área, co propósito de preservar a súas características e elementos arquitectónicos e urbanísticos en óptimas condicións de funcionamento.

Esta actuación, que comprende unha superficie de 2.518 metros cadrados, permitirá que os veciños do Rañadoiro poidan manter o uso desta zona, que se atopa na parte máis tradicional do núcleo, como elemento e espazo de lecer, o que supón conservar puntos de encontro e relación da poboación.

Características da actuación

Para facer as accións programadas procederase ao movemento de terras e á limpeza da zona das obras, con retirada de cascallos e os elementos situados na mesma. Así mesmo, levarase a cabo o rasanteo, o perfilado e a apertura de caixa co fin de colocar a base do pavimento. Posteriormente instalarase o mobiliario urbano, segundo as necesidades que se estimen no proxecto de execución das obras.

Grazas a este convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o concello de Muíños, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas será a encargada de financiar a execución das obras e asume o dereito de inspeccionalas en calquera momento, tanto durante a súa execución como ao seu remate.

Pola súa banda, o concello ourensán terá que redactar os proxectos técnicos; realizar as xestións pertinentes para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias; e levará a cabo as actuacións de contratación, execución, dirección, control e recepción das obras e formalizará os actos de recepción das mesmas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Este acordo supón un incentivo para que os residentes da zona contribúan á creación de espazos atractivos para a posta en marcha das actividades cotiás, mellorando así a calidade de vida dos cidadáns. O acondicionamento beneficia a máis de 2.000 habitantes do concello ourensán de Muíños.

Plan *HURBE*

Estas accións forman parte do Plan *HURBE*, actuación que busca un programa de calidade de vida das zonas urbanas e dos concellos máis pequenos de Galicia, sen abandonar as zonas de cidades e vilas, pero focalizando múltiples actuacións nos concellos pequenos.

O Plan *HURBE* significa ordenar e priorizar os equipamentos e dar un contido corporativo a todo o mobiliario urbano, adecentando os espazos públicos.

Os obxectivos deste Plan, que destinará preto de 100 millóns de euros para realizar 53 actuacións en algo máis de 40 concellos galegos, son fomentar a recuperación dos espazos de encontro para mellorar a opción de lecer dos cidadáns e contribuír ao reequilibrio territorial fixando poboación no medio rural.

Co Plan *HURBE* investiranse 34 millóns de euros para o programa de equipamentos públicos, 27,5 millóns de euros para a humanización de rúas, e 34 millóns de euros en programas de urbanización e mellora de espazos públicos.

AUGAS DE GALICIA COLABORA CO CONCELLO DE COLES MEDIANTE O INVESTIMENTO DE 242.000 EUROS PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS DE SANEAMENTO

- *A actuación consiste na execución de colectores, un equipo de bombeo en Bamio de Fondo, o bombeo de augas residuais dende Silva e rede de colectores na Barra e Lamas*
- *A Administración Hidráulica de Galicia financia o 100% do proxecto*
- *Medio Ambiente, mediante a colaboración técnica e financeira neste tipo de obras, pretende dotar aos municipios galegos de infraestruturas necesarias para o desenvolvemento económico e social*
- *O prazo establecido para a execución dos traballos é de seis meses*

O Consello da Xunta autorizou hoxe un acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financiera da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Coles para a execución das obras de saneamento na Barra, As Lamas, Bamio de Fondo, Cimadevila e A Silva.

A Xunta de Galicia, a través de Augas de Galicia, realiza unha achega económica de 242.000 euros para a execución das citadas obras hidráulicas. Este investimento efectuarase en dúas anualidades que se corresponden co presente ano 2010 e o vindeiro 2011. Deste xeito, a Administración Hidráulica de Galicia financia o 100% do proxecto.

A actuación consiste na execución dunha rede de colectores, un equipo de bombeo para 75 habitantes en Bamio de Fondo, o bombeo de augas residuais dende Silva e rede de colectores na Barra e Lamas, conectada á rede existente das Quintas da Barra.

Colectores

A rede da Barra- As Lamas, Cimadevila comprende os núcleos da Barra e As Lamas, cun total de 49 habitantes; 730 metros de tubaxe de PVC que recollerán as augas residuais e as levarán a un pozo de rexistro, dende o que irán a un equipo depurador existente na localidade das Quintas da Barra.

A rede de Cimadevila- Bamio de Fondo- Silva inclúe os núcleos de Cimadevila, Pousada, Costela, Bamio de Fondo e A Silva, para os que se instalará un equipo prefabricado para depuración de augas residuais con capacidade para 75 habitantes, composto por aliviadoiro de crecidas, arqueta de desbaste, decantador-dixestor e filtro biolóxico. Á saída dispórase un pozo de inspección previo á vertedura a un regato próximo. As augas serán recollidas e levadas ata o equipo de depuración por 3.036 metros de tubaxe de PVC.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

As obras hidráulicas tamén contemplan o bombeo de augas residuais na Silva, impulsando as augas procedentes de dous ramais do núcleo da Silva. O proxecto inclúe a reposición dos servizos e pavimentos afectados polas actuacións citadas.

O departamento que dirixe Agustín Hernández colabora de xeito técnico e financeiro cos entes locais debido á escasa capacidade económica que teñen os concellos para asumir o presuposto destas obras. Ademais, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas pretende dotar aos municipios galegos das infraestruturas necesarias para fomentar o desenvolvemento social e económico, mellorando tamén a calidade de vida dos habitantes.

Augas de Galicia establece un prazo de execución das obras de seis meses aproximadamente.

A XUNTA AMPLÍA O VIAL CAMIÑO DO CASTRO E MELLORA A INTERSECCIÓN COA PO-550 EN CAMBADOS, ACTUACIÓN QUE BENEFICIARÁ AOS MÁIS DE 14.000 HABITANTES DO CONCELLO

- *Para levar a cabo estas obras, o Goberno galego fará unha achega de máis de 165.000 euros neste mesmo ano*
- *O Goberno galego pretende fomentar aqueles investimentos que resolvan carencias en infraestruturas nos entes locais galegos*
- *Con esta actuación preténdese a mellora da seguridade vial para os veciños que circulan por esta vía*

O Consello da Xunta, na súa reunión de hoxe, autorizou a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Cambados, que ten como obxectivo principal levar a cabo a ampliación do vial "Camiño do Castro" e a mellora da intersección coa PO-550.

O Goberno galego, a través da Dirección Xeral de Infraestruturas, financia as citadas actuacións mediante unha achega de máis de 165.000 euros, que serán aportados ao longo do presente ano.

Obxectivos

Esta actuación, que beneficiará aos máis de 14.000 habitantes do concello de Cambados, pretende mellorar a seguridade vial dos veciños que circulen por esta vía.

O departamento que dirixe Agustín Hernández ten entre os seus obxectivos a mellora da rede viaria de Galicia, de xeito que se proporcione aos usuarios unhas condicións de condución cómodas e seguras, facilitando o acceso aos distintos equipamentos na procura dun desenvolvemento harmónico.

Neste senso, a Xunta, en colaboración cos concellos galegos, pretende fomentar aqueles investimentos que resolvan carencias en infraestruturas nos entes locais da Comunidade autónoma.

Obrigas

O concello pontevedrés de Cambados terá que achegar o documento técnico necesario e que contemple a actuación prevista no presente convenio; constatará a previa dispoñibilidade dos terreos necesarios para o cumprimento dos obxectivos; levará a cabo as expropiacións necesarias para obter os terreos; e, entre outras obrigas, deberá realizar a contratación, execución, dirección, control das obras descritas no documento técnico e formalizar os actos de recepción das mesmas, así como asumir as obrigas económicas que excedan do importe consignado.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Así mesmo deberán asumir, unha vez realizadas as obras e logo da comunicación da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a explotación, mantemento e conservación das obras realizadas, asumindo as responsabilidades correspondentes como ente titular das mesmas.

Pola súa banda, o departamento que dirixe Agustín Hernández deberá aprobar o documento técnico que contemple dita actuación e poderá inspeccionar as obras, tanto durante a súa execución como ao seu remate.

ECONOMÍA E INDUSTRIA MOBILIZA INVESTIMENTOS DE MÁIS DE 3 MILLÓNS DE EUROS PARA ACHEGAR AS REDES DE DISTRIBUCIÓN DE GAS A 15 CONCELLOS GALEGOS

- *O Consello da Xunta autoriza a sinatura dun convenio con Repsol Butano e Gas e Medio Ambiente Enerxéticas para avanzar no desenvolvemento das redes de distribución de gas propano canalizado (GLP) que beneficiará a 100.000 galegos*
- *O departamento que dirixe Javier Guerra garante subvencións de até o 30% coa finalidade de que as dúas empresas poidan iniciar a construción das infraestruturas gasistas necesarias*
- *A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Economía e Industria, ten como obxectivo estratéxico, dentro do marco de planificación enerxética, a creación dunha infraestrutura de transporte e distribución de gas que actúe como factor de competitividade para o seu tecido empresarial e de incremento da calidade de vida dos galegos*

O Consello da Xunta autorizou hoxe á Consellería de Economía e Industria a sinatura dun convenio con Repsol Butano S.A. e Gas e Medio Ambiente Enerxéticas S.A. que permitirá mobilizar investimentos de máis de 3 millóns de euros en 16 núcleos de poboación de 15 concellos galegos espallados polas catro provincias para achegar as redes de distribución de gas propano canalizado (GLP) a unha poboación de 100.000 galegos.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Economía e Industria, ten como obxectivo estratéxico, dentro do marco de planificación enerxética, a creación dunha infraestrutura de transporte e distribución de gas que actúe como factor de competitividade para o seu tecido empresarial e de incremento da calidade de vida dos galegos.

Para acadar este obxectivo prioritario, cómpre garantir a subministración de gas canalizado, neste caso GLP, ao maior número posible de núcleos de poboación de Galicia, e por este motivo, o departamento que dirixe Javier Guerra establece subvencións de até o 30% do investimento coa finalidade de que as dúas empresas coas que se asina o convenio poidan iniciar a construción das infraestruturas gasistas necesarias para a subministración de GLP canalizado.

Estas infraestruturas beneficiarán a núcleos de poboación de cinco concellos da provincia da Coruña (Melide, Noia, O Pino, Sada e Ponteceso), catro da provincia de Pontevedra (A Estrada, Silleda, Moraña e Barro), tres da provincia de Ourense (A Rúa, Allariz e o Barco de Valdeorras) e outros tres da provincia de Lugo (Castro de Rei, Monterroso e Ribadeo).

Esta actuación da Consellería de Economía e Industria súmase a outras levadas a cabo polo departamento que dirixe Javier Guerra para avanzar na gasificación de Galicia, como o Decreto elaborado recentemente polo que se regula o trámite de competencia e

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

os criterios de valoración no suposto de concorrencia de dúas ou máis solicitudes de autorización administrativa de instalacións de transporte secundario e distribución de gas natural e redes de distribución de GLP.

Este Decreto, o primeiro das súas características que se desenvolve en España, sitúa a Galicia á vangarda, e permitirá superar a parálise anterior herdada e recuperar o desenvolvemento das redes de distribución gasistas no noso territorio, co conseguinte beneficio para o tecido empresarial e os cidadáns de Galicia.

Deste xeito, o Goberno da Xunta avanza no desenvolvemento das redes de gasificación e senta as bases, a través do Decreto, para resolver, dunha vez por todas, un problema derivado do desenvolvemento na distribución de GLP e gas natural, que trouxo consigo a aparición de novas empresas distribuidoras interesadas na gasificación de certas zonas do noso territorio, o que fai preciso regular a forma de resolución no suposto de concorrencia de varias solicitudes de autorización administrativa para as mesmas instalacións.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**ECONOMÍA E INDUSTRIA CONCEDERÁ ANTICIPOS DO 80% LIBRES DE GARANTÍA AOS BENEFICIARIOS DAS AXUDAS DE DINAMIZACIÓN DA INNOVACIÓN NAS PEMES**

- *As axudas teñen un orzamento total de 1,5 millóns de euros para 2010*
- *A convocatoria, dirixida a asociacións empresariais e consultoras especializadas no ámbito da innovación, será publicada proximamente no DOG*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión desta mañá a concesión de anticipos de ata o 80% libres de garantía sobre as axudas das que se beneficiarán este ano asociacións empresariais e consultoras para levar a cabo accións de mobilización, dinamización e sistematización da innovación nas pequenas e medianas empresas galegas. Esta medida inscríbese no marco da política da concesión de axudas empresariais que vén desenvolvendo a Consellería de Economía e Industria desde hai un ano para contribuír á dispoñibilidade de liquidez por parte das pemes e reducir as cargas burocráticas e de custos anulando a esixencia de presentación de garantías.

O obxectivo da liña de dinamización da innovación, que está dotada para este 2010 cun orzamento total de 1,5 millóns de euros, é reforzar a competitividade e potenciar as capacidades de xestión da innovación das pemes galegas. Neste sentido, búscanse accións enfocadas a sensibilizar sobre a importancia dunha xestión da innovación sistemática e profesionalizada na empresa; desenvolver dinámicas de utilización continuada de servizos externos de asesoramento e consultoría para completar a xestión da innovación; e favorecer a cooperación entre axentes do sistema de innovación para xerar proxectos en colaboración e fomentar a transferencia de coñecemento. A convocatoria das axudas será publicada nos próximos días no Diario Oficial de Galicia (DOG), o que abrirá o prazo de envío de solicitudes.

Os beneficiarios das subvencións serán tanto empresas consultoras especializadas na xestión de innovación como organismos de representación ou intermediación empresariais que aglutinan colectivos sectoriais ou xeográficos de empresas e que, ademais dunha función de representación do colectivo, deben prestar de forma habitual servizos de apoio ás empresas e presentar un interese preferente pola innovación.

As axudas teñen dúas modalidades. A primeira, dotada cun total de 500.000 euros, subvenciona a organización de xornadas, seminarios e obradoiros por parte de empresas consultoras especializadas en xestión da innovación. A segunda conta con 1 millón de euros de orzamento, que serán destinados a accións de dinamización da innovación en colectivos empresariais e a proxectos piloto de implantación de sistemáticas de innovación en pemes.

Esta convocatoria complementa a de fomento da investigación e a innovación empresarial, que será tamén impulsada proximamente pola Dirección Xeral de I + D + i.

A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN ASINARÁ UN CONVENIO COAS UNIVERSIDADES GALEGAS PARA A PREPARACIÓN DE PROPOSTAS DE NOVOS PLANS DE ESTUDOS

- *Deste xeito a Xunta de Galicia demostra o seu apoio ao Sistema Universitario de Galicia para a súa adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES)*

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria asinará un convenio de colaboración coas universidades galegas co fin de que estas preparen propostas de novos plans de estudos no marco da nova ordenación das ensinanzas universitarias oficiais. Deste modo, a Xunta de Galicia demostra o seu apoio ao Sistema Universitario de Galicia (SUG) no reto que supón a adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES)

Ao abeiro deste convenio ao que o Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace, as universidades de Santiago de Compostela (USC), A Coruña (UdC) e Vigo (UVigo) recibirán achegas por valor de 812.980,70 euros, procedentes do Ministerio de Educación. As axudas distribuiranse en base a criterios de número de alumnado matriculado, número de titulacións oficiais impartidas e número de campus ou de sedes de cada Universidade que estiveran en funcionamento no curso 2008/2009. Estes criterios foron fixados pola Conferencia General de Política Universitaria para todas as Comunidades Autónomas. Así, a Universidade de Santiago de Compostela recibirá 309.980,46 euros, a de A Coruña 231.164,98, e a de Vigo 271.385,26 euros.

Liñas subvencionables

A adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES), require poñer a énfase nos planos de estudo, non só no contido dos títulos, senón tamén nas condicións necesarias para o seu recoñecemento. Estas condicións supoñen un maior compromiso das universidades no contido dos proxectos de plans de estudo que deben elaborar, polo que se fai necesario o apoio da Consellería de Educación ás universidades do SUG a través destas achegas.

Desta forma, as liñas subvencionadas destinaranse á localización e análise de referentes externos ás universidades galegas, que avalen a adecuación das propostas a criterios nacionais ou internacionais para títulos de similares características académicas; así como á realización de consulta externas para a elaboración do plano de estudos con profesionais, asociacións ou colexios profesionais, estudantes ou outros colectivos.

Por outra banda, e para facilitar a incorporación do alumnado á Universidade e á titulación escollida, as universidades beneficiarias deseñarán sistemas de información previa á matriculación e procedementos de acollida e orientación dos estudantes de novo ingreso; e de apoio e orientación dos estudantes unha vez matriculados. Así mesmo, será subvencionado o deseño de sistemas de apoio e orientación dos estudantes con discapacidade

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Na busca da maior calidade, as universidades poderán destinar parte das achegas ao deseño de sistemas de avaliación das competencias dos estudantes, de sistemas de garantía de calidade aplicable á titulación; e á elaboración e análise de indicadores de graduación, abandono e eficiencia das actuais titulacións, co obxectivo de establecer valores estimados para os novos plans de estudo.

O CONSELLO APROBOU O PLAN DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS, PLADIGA 2010

- *Este ano mantéñense os medios humanos e materiais, malia a redución orzamentaria debida á desaparición de dous apartados extraordinarios habilitados na anterior campaña*
- *Entre súas novidades salienta unha estrutura con diferentes plans específicos para prevención; detección, disuasión e investigación; extinción e formación*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o *Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia* (Pladiga 2010), consonte ao establecido pola Lei 3/2007, do 9 de abril, de loita contra o lume. Segundo o artigo 6 desta norma, correspóndelle á Xunta elaborar dito plan. A aprobación deste documento polo Goberno Galego faise tralo preceptivo trámite de informe ao *Consello Forestal de Galicia*, órgano consultivo e asesor da Administración Forestal.

Este ano mantense practicamente idéntico o dispositivo humano e material. Tan só se incrementan lixeiramente os medios humanos (con 2 brigadas máis) e mantéñense os mesmos medios materiais, malia o axuste orzamentario derivado da desaparición de dous apartados extraordinarios habilitados na campaña de 2009.

Obxectivos

O obxectivo fundamental do Pladiga 2010 é acadar unha diminución do número de lumes e a superficie afectada por baixo da media rexistrada nos últimos dez anos. Entre as novidades para este ano, inclúe varios plans independentes e específicos para prevención; detección, disuasión e investigación; extinción e formación. Tamén se actualizan os obxectivos de control en canto a número de lumes e superficie queimada, amplíase a participación das agrupacións veciñais de vixilancia forestal e do voluntariado ambiental, actualízase o marco legal e a Rede de Espazos Protexidos e simplifícase a caracterización dos ecosistemas forestais galegos.

Como obxectivos específicos de control para o ano 2010 (en relación coa superficie afectada) determínanse os de non superar a media de 3 hectáreas por lume, manter o número de incendios maiores de 25 hectáreas por debaixo do 2% do total e a porcentaxe dos menores de 1 hectárea por riba do 70%.

Ademais, serán obxectivos complementarios, entre outros, fomentar ao máximo a colaboración de veciños, entidades locais, comunidades e asociacións na loita contra o lume; previr accidentes, coidando a seguridade do persoal; priorizar as actuacións para que os lumes non ameacen ás persoas, os seus bens e as infraestruturas vitais, nin se acheguen aos espazos naturais protexidos, e continuar coa labor de investigación nas vertentes policial, forestal e sociolóxica.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**Estrutura**

O Pladiga 2010 incorpora unha estrutura con varios plans específicos. Así, o de prevención contempla por un lado accións dirixidas á poboación, entre as que salientan as relativas á educación ambiental e en concreto aos sistemas de alerta preventiva que inclúen as restricións recollidas na normativa en función da gradación do *Índice de Risco Diario de Incendio Forestal* (Irdi).

Por outra parte, concrépanse accións dirixidas ao territorio: De compoñente produtivo e xestión forestal; de control selectivo do combustible no monte –cortalumes, rozas e queimas controladas– e de construción e mantemento de infraestruturas preventivas (puntos de auga, rede de pistas e puntos de vixilancia).

Detección, disuasión e investigación

Dentro do Pladiga este ano fíxose tamén un plan específico para a detección, disuasión e investigación, diferenciando as vertentes forestal e policial, no que destacan as actuacións deseñadas para as zonas de especial vixilancia que determine o Comité Policial Antiincendios. Estas actuacións serán realizadas polas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, co reforzo das patrullas das Forzas Armadas.

Tamén se consolida, neste eido da detección, a participación das agrupacións veciñais de vixilancia forestal e do *Voluntariado Ambiental* que prestará atención ao contorno dos camiños de Santiago (Portugués e Vía da Prata).

Extinción

No que atinxe á extinción, levouse a cabo o necesario axuste e actualización dos procedementos operativos e protocolos, ampliándose os obxectivos en materia de diminución do tempo de reacción, de control e de duración do lume por debaixo da media dos últimos dez anos nestes tres parámetros.

Outra novidade destacada este ano con respecto ao pasado é a posta en marcha dun Plan de Formación, que busca, entre outros fins, facilitar a adquisición ou actualización dos coñecementos necesarios para o desenvolvemento das funcións concretas de cada categoría e perfeccionar os coñecementos teórico-prácticos adquiridos.

Dispositivo humano e material

No Plan deste ano está prevista a mobilización de 6.085 persoas en tempada de máximo risco, sen contar voluntarias/os (en 2009 foron 6.070 efectivos), das cales 2.670 teñen vinculación laboral coa Xunta (ben por seren funcionarios ou persoal laboral fixo ou fixo discontinuo), ben contratados directos polo SPDCIF (Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais, da propia Consellería do Medio Rural). Outros 2.320 están contratados a través da Empresa Pública Servizos Agrarios Galegos (Seaga). Os restantes 1.095 son persoal municipal ou dos GRUMIR (Grupos Municipais de Intervención Rápida), ou de GLPA (Grupos Locais de Pronto Auxilio).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

O Pladiga 2010 recolle un despregue, en tempada de alto risco, de 659 cuadrillas de extinción de lumes forestais, que darán cobertura e servizo a tódolos concellos galegos, cun sistema de espallamento que garante a optimización de recursos en todo momento, e en toda a xeografía galega. En relación co 2009, este ano haberá 2 brigadas máis sobre o terreo, ao incorporarse 3 novas a través de Seaga e diminuír 1 GRUMIR, xa que o concello pontevedrés de Tui decidiu non participar este ano no convenio que asinan a Xunta e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para a constitución destes grupos.

Estes seis milleiros amplos de profesionais contra os lumes forestais terán ao seu dispor este verán, na temporada de máximo risco, 26 medios aéreos da Xunta, 8 propios do Estado, e 4 dos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado; aos que cómpre engadir outros medios do Exército de dispoñibilidade compartida con outras Comunidades Autónomas.

En terra, o Pladiga 2010 recolle máis de 300 medios de loita contra o lume, entre os que cabe salientar 156 motobombas do SPDCIF (Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais).

Orzamento

O orzamento que destina este ano a Xunta para a prevención e a extinción de lumes forestais se sitúa nos 107,1 millóns de euros, o que supón unha pequena redución respecto do 2009, porque desaparecen dous apartados extraordinarios habilitados na anterior campaña. Cómpre salientar que o estrito operativo de extinción mantense estable respecto do anterior exercicio. No seguinte cadro amósase a distribución por conceptos e a comparativa con 2009:

CONCEPTO/ANO	2009	2010
Prevención sobre o territorio	62,6	63,3
Plan de choque 2008*	1,7	0
Operativo extinción	43,3	43,3
Gastos extraordinarios precampaña* *	2,4	0
Renovación camións de extinción e equipamentos	2,9	0,5
TOTAL	112,9	107,1

**Trátase dun Plan aprobado polo Goberno bipartito no último mes de 2008, con efectos orzamentarios no primeiro trimestre de 2009*

***Refírese a gastos orzamentarios non contemplados inicialmente, e debidos a condicións climatolóxicas adversas na primavera de 2009*

NOTA: O documento íntegro do Pladiga 2010 está dispoñible na páxina web da Consellería do Medio Rural [<http://mediorural.xunta.es>].

A XUNTA ULTIMA A SEGUNDA REBAIXA SELECTIVA DE IMPOSTOS PARA REACTIVAR O SECTOR DA VIVENDA E REDUCIR O IMPACTO DA SUBA DO IVE

- *O Executivo autonómico rebaxará entre un 33 e un 25% o IAXD para a adquisición de vivenda e o diminuirá na mesma proporción para a formalización do préstamo*
- *O Goberno galego renunciará á adaptar o ITP que grava as vivendas usadas á suba dun punto do IVE decidida polo Executivo central para as novas*
- *Ademais do aforro fiscal, estas medidas contribuirán a que o sistema fiscal aplicable en Galicia sexa máis neutral respecto á elección entre vivenda nova o usada*
- *As novas decisións servirán como medidas desincentivadoras da fraude fiscal na rehabilitación e fomentarán o emprego entre os parados do sector da construción*
- *A Xunta mantén esta política fiscal tras constatar os efectos positivos da primeira rebaixa a mozos e familias numerosas*

A Xunta de Galicia ultima a segunda rebaixa selectiva de impostos que fomentará a reactivación do mercado da vivenda, da rehabilitación e do seu financiamento; e reducirá o impacto da suba do IVE. Así, o Executivo autonómico renunciará á adaptación do imposto de transmisión patrimoniais (o que grava as vivendas usadas) á suba dun punto do IVE decidida polo Goberno central para as novas a partir do mes de xullo.

A conselleira de Facenda, Marta Fernández Currás, presentou hoxe no Consello da Xunta un informe sobre esta nova rebaixa dos Impostos de Actos Xurídicos Documentados (AXD) e de Transmisións Patrimoniais (ITP), que se prevé que beneficiará de maneira directa a máis de 90.000 galegos e terá un impacto de 9,2 millóns de euros anuais.

O Executivo autonómico, tras constatar os efectos beneficiosos da primeira rebaixa selectiva, que reduciu á metade o ano pasado o IAXD e ITP a menores de 36 anos e familias numerosas, segue na mesma senda. Neste sentido, a Xunta estima oportuno poñer en funcionamento novas medidas tributarias para seguir inxectando liquidez e continuar restaurando a confianza dos consumidores ante os efectos da actual crise económica.

Novas medidas

O Executivo autonómico rebaxará un 25% o imposto de actos xurídicos documentados (IAXD) para a adquisición de vivendas (do 1 ao 0,75%) e un 33% cando se trate da primeira compra para vivenda habitual (do 0,75 ao 0,5%). Ademais, diminuirá na mesma proporción o IAXD para a constitución de préstamos hipotecarios que financien estas compras.

Dado que a Xunta non ve conveniente as subas impositivas na actual conxuntura económica, Galicia non só non incrementará o tipo de gravame na transmisión de vivendas usadas (de 7% ao 8%) para corrixir o desequilibrio provocado pola subida do

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

IVE que grava a vivenda nova, senón que rebaixará o tipo que corresponde ao IAXD que deben satisfacer estas vivendas novas.

Ademais do evidente aforro fiscal, estas medidas contribúen a que o sistema fiscal aplicable en Galicia sexa máis neutral respecto á elección entre vivenda nova ou usada.

Baixa un 15% para as compras de vivendas para rehabilitar

Igualmente o Executivo galego vai impulsar unha baixada dun 15% do ITP (do 7 ao 6%) para compra de vivendas que vaian ser obxecto de rehabilitación ou reforma. Esta acción servirá como medida desincentivadora da fraude fiscal no IVE correspondente ás operacións de rehabilitación, xa que a aplicación do tipo reducido do 6% se vinculará á presentación das correspondentes facturas. Isto, á súa vez redunda nunha maior recadación por este imposto cuxo rendemento está cedido a comunidade autónoma nun 50%.

Ademais, contribuirá a que non siga aumentando o stock de vivendas dispoñibles coa construción de novas vivendas e que se recuperen aquelas que non reúnen as mínimas condicións para a súa habitabilidade, desprazando a actividade do sector da construción á rehabilitación. Tamén funcionará como medida de fomento ao emprego entre os parados do sector da construción.

Por outra banda, aplicarase unha dedución do 100% da cota no imposto sobre o IAXD para a constitución de préstamos hipotecarios destinados á cancelación doutros préstamos hipotecarios que foron destinados á adquisición de vivenda habitual.

Neste sentido, na actualidade, con carácter xeral, están exentas do imposto sobre o IAXD ás escrituras públicas de subrogación ou de novación modificativa de préstamos hipotecarios. Sen embargo, en algúns casos, a entidade financeira non admite a operación de subrogación senón que esixe a constitución dun novo préstamo hipotecario co que se cancelará o preexistente con outra entidade financeira.

Coa medida preténdese que estas operacións de constitución para cancelación teña o mesmo custo fiscal, cero, que as operacións de subrogación, de modo que o imposto sexa neutro, é dicir, que non afecte nas decisións dos axentes económicos en canto á operación a realizar e, con iso, se amplíen a oferta dispoñible para o refinanciamento dos préstamos.